

XOÁN ANLEO
MÓNICA ALONSO
NILO ARIAS
FERNANDO BAENA
MÓNICA CABO
ANA DMATOS
AMAYA GONZÁLEZ REYES

XURXO ORO CLARO
LAURA PIÑEIRO
SANTI JIMÉNEZ
RUBÉN SANTIAGO
MAURO TRASTOY
JORGE VARELA
MANUEL VIDAL

Comisariado:
Monse Cea / María Xosé Bóveda

FISURAS NA VITRINA. ABRINDO A SALA DO TESOURO

Abrindo a sala do tesouro, é unha exposición que compila arte contemporánea e arqueoloxía. O proxecto orbita arredor da colección de ourivería Gil Varela, declarada Ben de Interese cultural recentemente, contendo algunhas das pezas de ouro mais senlleiras da prehistoria galega. Arroupando, explicando e interactuando presentamos a obra de 14 artistas: **Xoán Anleo, Mónica Alonso, Nilo Arias, Fernando Baena, Mónica Cabo, Ana DMatos, Amaya González Reyes, Xurxo Oro Claro, Laura Piñeiro, Santi Jiménez, Rubén Santiago, Mauro Trastoy, Jorge Varela e Manuel Vidal**, permitíndonos reflexionar sobre conceptos aparentemente atemporais como o poder, a riqueza, asuntos estéticos ou roles de xénero.

O fío condutor que debulla o discurso expositivo será a ourivería, usada como *textura crítica*, que aplicada sobre calquera material, permite imprimir sobre este a idea de autoridade. A textura dourada o prateada, amosase como capa máxica de poder omnímodo que se asocia inconscientemente coa idea de poder económico, relixioso, intelectual, ou patriarcal.

As pezas da colección Gil Varela están construídas coas mais variadas técnicas de ourivería; dende o batido á cera perdida, pasando polo granulado ou o estampillado. Do mesmo xeito, as e os artistas desta mostra traballan dende diferentes procedementos técnicos e ideas estéticas diversas: debuxo dixital, debuxo expandido, instalación escultórica, vídeo creación, *object trouvé*, *site specific*, arte feminista, *body art*... Dende aquí, crean obras que teñen en común unha postura militante e crítica caras as sociedades marco nas que se producen as súas obras, a mais dunha poética próxima á lóxica arqueolóxica, isto é: usan a poética do obxecto achado, acumulado, atesourado e a explícita reelaboración de materiais comúns, vulgares, que xa non posúen valor de uso como ruínas, restos, quincalla, lixo,... esos obxectos que conformaran as pezas arqueolóxicas do futuro.

A exposición *Abrindo a sala do tesouro* é a segunda entrega do ciclo *Fisuras na vitrina: o achado como idea, ciclo de exposicións temporais e actividades complementarias arredor da arqueoloxía e a arte contemporánea*.

Non adoitamos atopar exposicións que reúnan arqueoloxía e arte. Mais na historia da arte coetánea ao desenvolvemento da arqueoloxía, a actividade arqueolóxica foi impregnando formalmente moitas obras de arte, dende o romanticismo até as van-

gardas históricas. Aínda quen non é ata o nacemento da arte conceptual, cando a metodoloxía arqueolóxica e o seu modo no taxonómico de entender a historia, foron felizmente poetizados, creando escola ata a actualidade.

Usando esta tradición como referente ineludible, e unidas tamén pola teoría feminista, que ambas aplicamos á hora de percibir e traballar nas nosas respectivas disciplinas, Monse Cea, comisaria de exposicións e María José Bóveda, arqueóloga, creamos este proxecto.

Abrindo a sala do Tesouro completárase con obradoiros e foros de debate, co obxectivo da creación dun escenario de discusión e deliberación no que tomen forma as sinerxías e fricciones entre materiais arqueolóxicos –algúns considerados como pezas artísticas– e a arte producida na actualidade.

Tentaremos que as persoas visitantes podan percibir o pasado dende as creacións do presente, en definitiva, dende a mirada proactiva da arte contemporánea.

Monse Cea
María José Bóveda

ORGANIZA

Gabinete de arqueoloxía e xestión do patrimonio

PRODUCE

Cultura Deputación Provincial de Lugo
Rede Museística Provincial
Museo Provincial de Lugo



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO